PROGRAMA "LER CONTA MOITO 2016"

00/00/0000

Como cada ano, a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia pon a disposición das bibliotecas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia un catálogo de actividades no marco do Programa "Ler Conta Moito" 20 16 para a dinamización da lectura dos máis pequenos.

Por segunda vez, a Axencia de Lectura Fundación Ferama é beneficiaria deste programa con dúas actividades. Nes ta entidade sabemos da importancia que supón a lectura desde idades temperás, espertando a imaxinación, enr iquecendo o seu vocabulario, aumentando coñecemento... polo que nos parece un momento idóneo a execución des ta iniciativa na Axencia.

As actividades que levarán a cabo serán:



ler conta moito

Rede de Bibliotecas de Galicia

XUNTA DE GALICIA

- "Día do Libro na Axencia de Lectura", mércores 20 de abril de 2016, ás 17.00hrs. A TITIRICLETA do TIT IRICLETEIRO chega á biblioteca, pilotada por un grupo de monicreques solidarios chegados de Bangladesh, a India, Guatemala... Levará as nenas e os nenos de viaxe a mundos fantásticos, na procura da paz.

- "Fin de Curso", venres 17 de xuño de 2016, ás 17.00hrs. Actividade de dinamición da lectura a través da maxi a mediante historias, contos e xogos. O Mago Paco é un personaxe moi peculiar que non para de discorrer n ovas maxias para os nenos e nenas. Esta vez mestura a risa como elemento principal para sorprender aos mais pequenos cos seus hitorias cheas de maxia.